

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, das modificacións correspondentes nas medidas preventivas ante a COVID-19 na Universidade de Vigo cara ao curso académico 2022-2023.

O reitor informa que se trata de aprobar o seguinte acordo acadado no comité COVID:

Á vista da evolución positiva na situación epidemiolóxica e de que a docencia retornou practicamente á súa total normalidade, para o inicio do curso académico 2022/2023 mantéñense, entre os acordos adoptados no comité COVID-19 da Universidade de Vigo e publicados por resolución reitoral do 21 de abril de 2022, somentes os que se sinalan de seguido, que estarán vixentes ata o final do presente curso académico 2022-23, de non modificarse por unha nova normativa de aplicación que substituíra :

- A. Seguirá sendo obrigatorio o uso de máscara buconasal en espazos interiores da Universidade de Vigo, nos seguintes casos:
 - A.1. Medios de transporte compartidos.
 - A.2. Dependencias de uso sanitario como as do Servizo de Vixilancia da Saúde (enfermaría).
 - A.3. Nos casos de persoas con resultado positivo confirmado ou con síntomas compatibles con COVID-19 que acudan a dependencias da universidade, neste caso usarase a FFP2.
- B. Por outra banda, continuarase coas medidas habituais de ventilación (criterio xeral de alo menos 10 minutos cada hora), así como as medidas hixiénicas de lavado de mans e de protección ao tusir ou esbirrar.
- C. Finalmente, seguiranse a repartir máscaras buconasais para o persoal que o solicite, a través das conserxarías dos centros.

Apróbase por asentimento.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:06 h. do día 07 de setembro de 2022, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

O secretario xeral